

Xoves, 26 de setembro de 2024

Núm. 188

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****REDONDELA****Persoal, oposicións***LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, ÓRGANO DE SELECCIÓN E DATAS DE INICIO DAS FASES DE CONCURSO E OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR 1 PRAZA DE TÉCNICO/A DE XESTIÓN*

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2024-2643, con data de 20/09/2024, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección, a data de constitución do órgano de selección e as datas de inicio das fases de concurso e oposición do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de TÉCNICO/A DE XESTIÓN, (Persoal Funcionario) do Concello de Redondela, incluída na Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Redondela para o ano 2022, na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2022-1222, con data de 20/05/2022, pola que aprobou a oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Redondela para o ano 2022 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), núm.: 100, do 26/05/2022) e que contén, entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario:

- 1 praza de TÉCNICO/A DE XESTIÓN, a tempo completo, encadrada na escala da Administración Xeral, subescala Xestión, clase Media, grupo A, subgrupo A2.

As bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral fixo incluídas na oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Redondela para o ano 2022, publicáronse no BOPPO núm.: 7, do 11/01/2023.

O prazo de presentación de instancias iniciouse o día 21/03/2023 e rematou o día 03/04/2023.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-1764, con data de 26/07/2023, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas nos procesos selectivos que se convocaron para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral fixo incluídas na oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Redondela para o ano 2022, entre as que se incluía a antedita praza de TÉCNICO/A DE XESTIÓN (Persoal Funcionario), mediante o sistema de concurso-oposición libre, que se publicou no BOPPO núm.: 151, do 07/08/2023.



Xoves, 26 de setembro de 2024

Núm. 188

O día 14/08/2023 finalizou o prazo establecido de 5 días hábiles para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión ou para subsanar outra documentación non excluín-te.

Tras non presentarse alegacións contra esta lista provisional durante o antedito prazo e de conformidade coas bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario e laboral fixo incluídas na oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Redondela para o ano 2022, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Elevar a definitiva a lista provisional de persoas admitidas e excluídas para a cobertura dunha praza vacante de TÉCNICO/A DE XESTIÓN (Persoal Funcionario), mediante o sistema de concurso-oposición libre.

SEGUNDO: Designar o órgano de selección do proceso selectivo que se convocou para cubrir unha praza vacante de TÉCNICO/A DE XESTIÓN (Persoal Funcionario), que estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

- Titular: Pablo Varela Ballesteros, economista adscrito ao servizo de Dirección de Ingresos do Concello de Vigo.
- Suplente: Pablo Saavedra Salgueiro, técnico medio de Topografía adscrito á Área de Servizos Xerais e Vías e Obras do Concello de Vigo.

SECRETARIA:

- Titular: María Dolores Vieites Alén, adxunta de dirección de Ingresos e Inspección Tributaria adscrita ao Servizo de Dirección de Ingresos do Concello de Vigo.
- Suplente: María Francisca Arlandis Marra, técnica media de Obras Públicas adscrita ao Servizo de Supervisión de Proxectos e Asistencia Técnica do Concello de Vigo.

VOGAIS:

- Titular: María Barreiro Tosar, técnica de Xestión Tributaria do ORAL da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: Silvia Labraña González, técnica de Xestión do Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra.
- Titular: Pilar Rivas Álvarez, técnica de Xestión adscrita á Intervención Provincial da Deputación de Pontevedra.
- Suplente: Ana Isabel Pichel Pazos, técnica de Xestión do servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra.
- Titular: Carmen De Peña Vidal, técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación da Deputación de Pontevedra.



Xoves, 26 de setembro de 2024

Núm. 188

— Suplente: Marcos Areán González, técnico de Administración Xeral adscrito ao Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra.

TERCEIRO: A data de constitución do órgano de selección deste proceso selectivo será o:

DÍA: 17/10/2024

HORA: 09:00

LUGAR: Centro de Formación Municipal “A Marisma”, sito no Paseo do Pexegueiro, núm.: 6, Redondela.

CUARTO: A data de realización da fase de concurso será o:

DÍA: 17/10/2024

HORA: 09:30

LUGAR: Centro de Formación Municipal “A Marisma”, sito no Paseo do Pexegueiro, núm.: 6, Redondela.

QUINTO: As persoas aspirantes quedan convocadas para a realización da fase de oposición o:

DÍA: 30/10/2024

HORA:

- 09:30 para a realización do 1ª parte da proba práctica (tipo test)
- 11:00 para a realización da 2ª parte da proba práctica.

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n, Redondela.

SEXTO: Publicar no BOPPO, na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, o órgano de selección, a data de inicio das fases de concurso e de oposición deste proceso selectivo.

SÉTIMO: Contra a resolución da Alcaldía, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso -administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: PJ35YLCLVU6AXOME

